



1. Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023-2024

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CM19001	Coidados Auxiliares de Enfermería	Medio	Proba libre

1.3 Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
CM0310	Técnicas Básicas de Enfermería	2023/2024	0	320	384

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

1.4 Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	Fátima Calvo Rey, Estela Gómez Canabal, Mónica Iglesias Castro
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
Analiza os procedementos técnicos necesarios e realiza a hixiene persoal dun paciente ou cliente en función do seu estado, idade e/ou situación, informándoo da técnica a realizar e respectando a súa intimidade.
Identifica e aplica os procedementos técnicos axeitados para realizar a recolleita de excretas en función do estado e necesidades do paciente ou cliente.
Adapta os protocolos de mobilización e traslado dun paciente ou cliente en función do seu estado e necesidades.
Analiza e prepara os procedementos técnicos necesarios para facilitar a observación e/ou exploración médica dun paciente ou cliente en función do seu estado e condicións físicas tanto en atención hospitalaria como domiciliaria.
Realiza a toma de constantes vitais e efectuar o seu rexistro gráfico.
Identifica as diferentes técnicas de administración de dietas que permitan manter nos/as pacientes unha nutrición adecuada.
Valora a influencia dos refugallos así como a importancia da súa correcta eliminación para evitar a incidencia negativa no medio ambiente.
Analiza os procedementos necesarios e realiza a hixiene, alimentación e cuidados da nai e do neonato segundo os protocolos establecidos.
Interpreta ordes de tratamento, precisando a vía de administración e o material a utilizar en función da técnica a aplicar.
Prepara a medicación aplicando os criterios de equivalencia necesarios para a preparación de medicación.
Colabora na atención preoperatoria e postoperatoria do/a paciente aplicando os cuidados físicos e psicolóxicos adecuados.
Analiza as técnicas de asistencia sanitaria de urxencia determinando e aplicando a máis adecuada en función da situación e estado do paciente.
Aplica, utiliza e realiza as técnicas necesarias dos cuidados postmortem.
Comprende e te a sensibilidade ante o estado emocional do paciente e do seu contorno, durante a aplicación dos cuidados básicos de enfermaría.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Identificouse o modelo de necesidades humanas de Virginia Henderson e as funcións do TCAE nas distintas necesidades.
Descríbóronse as distintas fases do PAE
Cumprimentáronse láminas mudas coas cavidades e os órganos correspondentes a cada cavidade.
Descríbóronse as localizacións anatómicas de diversas partes do corpo humano, con vocabulario axeitado respecto a posición de referencia.
Identificáronse e describíronse as estruturas anatómicas da pel e anexos cutáneos
Descríbóronse as patoloxías básicas da pel e anexos cutáneos.
Identificáronse os materiais e utensilios de uso común en diferentes técnicas de hixiene
Descríbóronse os procedementos de baño e lavado do paciente, precisando os materiais necesarios para a súa realización en función das necesidades do mesmo.
Descríbóronse os procedementos de recollida de excretas, precisando os materiais necesarios para a súa realización en función das necesidades do paciente.



Cumprimentáronse láminas mudas dos distintos órganos, aparatos e sistemas e identifica os seus elementos: aparato cardiovascular, aparato respiratorio, aparato dixestivo, aparato urinario, sistema nervioso, sistema endócrino, sistema músculo-esquelético e aparato reprodutor
Descríbense as características anatómicas e fisiolóxicas dos distintos órganos, aparatos e sistemas: aparato cardiovascular, aparato respiratorio, aparato dixestivo, aparato urinario, sistema nervioso, sistema endócrino, sistema músculo-esquelético e aparato reprodutor
Descríbense as patoloxías máis frecuentes dos distintos órganos, aparatos e sistemas: aparato cardiovascular, aparato respiratorio, aparato dixestivo, aparato urinario, sistema nervioso, sistema endócrino, sistema músculo-esquelético e aparato reprodutor
Seleccionáronse as medidas de hixiene postural máis adecuadas para a realización de mobilizacións.
Identificáronse as posicións corporais e as súas indicacións
Descríbense as características técnicas e as aplicacións máis frecuentes das técnicas de posicionamento de pacientes encamados, en función das necesidades do mesmo.
Explicáronse as indicacións das posicións anatómicas de uso máis frecuente para a observación e/ou exploración de pacientes, en función do estado do mesmos.
Explicáronse as técnicas idóneas de mobilización e traslado de un paciente en función do seu estado e necesidades.
Descríbense os mecanismos de produción das úlceras por presión e os lugares anatómicos de aparición máis frecuente
Identificáronse os distintos graos de UPP.
Identificáronse os factores de risco e as principais medidas preventivas para evitar aparición de úlceras por presión e sinala os produtos sanitarios para a súa prevención
Identificouse e seleccionouse o material necesario para a medición das constantes vitais.
Descríbense as características das constantes vitais e os seus valores normais
Identificáronse e nomeáronse as alteracións das constantes vitais.
Coñecéronse as indicacións da fisioterapia respiratoria
Explicáronse os procedementos de aplicación de técnicas de oxigenoterapia e ventiloterapia, así como os materiais necesarios para a súa correcta administración.
Identificouse o material necesario para a recollida de mostra e excretas e relaciónao co seu uso
Descríbense os coidados da colostomía e seleccionouse o material necesario
Identificouse o material e realiza a sondaxe rectal e administración dos distintos tipos de enemas.
Clasificáronse os tipos de alimentos, características básicas dos seus nutrientes, e explicáronse os principios inmediatos constitutivos
Descríbense as características nutritivas dos distintos tipos de dietas.
Descríbense as diferentes técnicas de alimentación.
Identificáronse os materiais necesarios para a administración de alimentación enteral e describiuse o procedemento
Coñecéronse as características anatómicas e fisiolóxicas do recém nacido e describíronse os coidados do neonato
Identificáronse os cambios biolóxicos, psíquicos e sociais dos anciáns
Descríbense as distintas escalas de necesidades dos anciáns
Interpretáronse as fases do dó
Coñecéronse os coidados de enfermaría ó paciente terminal e os coidados postmortem
Describiuse e realizouse a preparación de pacientes para a realización das diferentes probas diagnósticas.



Descríbense os cuidados dos pacientes no preoperatorio, intraoperatorio e postoperatorio
Identifícanse os distintos tipos de drenaxes
Recoñécense os diferentes tipos de probas diagnósticas
Identifícanse e describíronse as vías máis frecuentes de administración de fármacos autorizados aos TCAE.
Descríbense os procesos da farmacocinética
Clasifícanse os medicamentos en función de; caducidade, vía de administración, órgano ou sistema ao que va dirixido
Cofécense os procedementos e materiais necesarios para a administración de medicamentos por diferentes vías.
Descríbense os principais riscos asociados a administración de medicamentos en función do fármaco e a vía de administración.
Descríbense os signos e síntomas máis comúns que producen os traumatismos: fracturas, escordaduras e luxacións; e determináronse as manobras de inmovilización oportunas
Explicáronse os distintos tipos de queimaduras en función da súa extensión e profundidade, e describíronse as medidas de asistencia sanitaria de urxencia máis axeitadas para cada unha.
Explicáronse os distintos tipos de feridas e as manobras de actuación inmediata en cada unha
Explicáronse os distintos tipos de hemorraxia e a secuencia de actuación ante cada unha delas.
Descríbiuse o contido, cuidados xerais e pautas de actuación sobre os carros de paradas
Descríbiuse e aplicouse a secuencia de SVB e de OVACE

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
Analiza os procedementos técnicos necesarios e realiza a hixiene persoal dun paciente ou cliente en función do seu estado, idade e/ou situación, informándoo da técnica a realizar e respectando a súa intimidade.
Identifica e aplica os procedementos técnicos axeitados para realizar a recolleita de excretas en función do estado e necesidades do paciente ou cliente.
Adapta os protocolos de mobilización e traslado dun paciente ou cliente en función do seu estado e necesidades.
Axuda na deambulación dun paciente ou cliente segundo as súas necesidades utilizando os medios de soporte precisos segundo o caso.
Realiza a toma de constantes vitais e efectuar o seu rexistro gráfico.
Administra a alimentación a un/ha paciente cliente a través dunha sonda
Interpreta ordes de tratamento, precisando a vía de administración e o material a utilizar en función da técnica a aplicar.
Efectúa a recollida de excretas e elaborar o balance hídrico do/a paciente/cliente
Aplica técnicas de hidroterapia segundo o estado e necesidades do paciente cliente.
Analiza as técnicas de asistencia sanitaria de urxencia determinando e aplicando a máis adecuada en función da situación e estado do paciente.
Comprende e ter a sensibilidade ante o estado emocional do paciente e do seu contorno, durante a aplicación dos cuidados básicos de enfermaría.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Resolvéronse casos prácticos sobre as funcións do TCAE na execución do plan de cuidados
Realizáronse as técnicas de baño parcial, total, lavado do cabelo e boca e dentes
Efectuouse a recollida de excretas coa utilización da cuña e/ou a botella e selecciona o material necesario
Cumpríronse as normas de ergonómia e hixiene postural
Realizáronse as diferentes técnicas de mobilización de pacientes, aplicando os acolchamentos e descargas necesarias
Efectuáronse traslados en cadeira de rodas, de cama a padiola e viceversa, e de cadeira a cama
Seleccionouse e preparouse o material necesario para curar unha UPP
Seleccionouse o material necesario para a medición das constantes vitais
Obtivéronse valores reais de Tº, TA, FC e respiratorias e efectuose o seu rexistro na gráfica
Medíronse e anotáronse valores obtidos para o balance hídrico, e elaborouse o rexistro gráfico oportuno.
Resolvéronse casos prácticos de balance hídrico
Seleccionouse e preparouse o material necesario para realizar as técnicas de drenaxe postural
Aplicáronse as técnicas de tratamento de osixenoterapia.
Seleccionouse o material necesario para realizar a aspiración de secrecións traqueobronquiais e bucofarínxeas



Aplicáronse urocolectores masculinos e colocáronse cueiros de adultos
Seleccionouse e preparouse o material para a realización de unha sondaxe vesical
Seleccionouse o material e realizáronse os coidados da sonda vesical
Seleccionouse o material e recolléronse mostras de ouriños en función do tipo de proba a realizar
Efectuouse a alimentación de un paciente a través de unha sonda nasogástrica e seleccionouse o material e a posición adecuada
Realizouse o baño, pesa, talla, viste e cambia o cueiro a un RN.
Preparáronse biberóns e simula a alimentación do RN.
Preparouse a medicación e fíxose o cálculo da doses a administrar
Realizouse a administración de fármacos por vía oral, rectal e tópica.
Preparouse o material para realizar unha perfusión intravenosa e calculouse o ritmo de goteo para a correcta administración.
Executouse correctamente o protocolo de SVB e OVACE

3. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Todos os Criterios de avaliación indicados para cada proba nesta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- As probas son ELIMINATORIAS, e avaliaranse de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha delas para alcanzar unha avaliación positiva.
- As notas expresaranse sempre en números enteiros, sen decimais, aproximando á unidade máis próxima; isto é, decimais de 0 a < 5 aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 5 a 9 á superior.
- A cualificación final correspondente da proba de módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima; isto é, decimais de 0 a < 5 aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 5 a 9 á superior.
- No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.
- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

PRIMEIRA PARTE DA PROBA. PROBA TEÓRICA.

- Terá CARÁCTER ELIMINATORIO e consistirá nunha proba escrita que versará sobre una mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte..
- Constará dun mínimo de 75 preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións de resposta, das cales só unha é correcta), preguntas curtas, definicións, emparellamento, completar, verdadeiro ou falso.
- Cada pregunta test, de emparellamento ou verdadeiro/falso terá un valor de 0,1 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,033 puntos. As preguntas non respondidas non suman nin restan.
- Nas preguntas de verdadeiro ou falso será preciso xustificar aquelas que sexan marcadas como falsas
- No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.
- As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.
- A proba ten un valor de 10 puntos. Para superar a primeira proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

SEGUNDA PARTE DA PROBA. PROBA PRÁCTICA

- As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá CARÁCTER ELIMINATORIO.
- Consistirá na realización de protocolos prácticos representados na aula taller e/ou a resolución de supostos prácticos que estarán relacionados cunha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Os supostos poderán contar con preguntas tipo test, de verdadeiro falso, de resposta curta ou de desenvolvemento
- Os protocolos prácticos cualificaranse mediante lista de cotexo.
- Cada protocolo ou suposto práctico puntuarase de 0 a 10. Será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar esta proba e a puntuación total será a media aritmética dos distintos supostos prácticos.

En caso de ter superado esta parte, a cualificación do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas nas partes teórica e práctica.

Os contidos a partires dos cales se logran son os que se indican:

As fases do PAE

As necesidades humanas e o plan de coidados

As funcións do TCAE no Plan de Coidados

Consideracións anatómicas: direccións anatómicas, cavidades corporais e planos corporais.

Histoloxía da pel e anexos cutáneos.

Fisioloxía da pel



Lesións elementais da pel; primarias, secundarias e patoloxías

Hixiene e aseo do paciente

Sistema óseo, articular e muscular. Patoloxías

Hixiene postural; normas básicas e posicionamentos dos pacientes encamados

Mobilización, traslado e deambulación de pacientes.

Clasificación e localización máis frecuentes das úlceras

Axentes causais e factores predispoñentes das úlceras

Avaliación de riscos, prevención e tratamento de úlceras.

Aplicación de medidas de prevención de UPP

Anatomía e fisioloxía do sistema cardiovascular

Patoloxías do aparato cardiovascular.

Anatomía e fisioloxía do aparato respiratorio. Patoloxías.

Fisioterapia respiratoria, exercicios respiratorios, mobilización de secrecións e drenaxes posturais

Procedementos de aplicación de osixeno; balas de O₂, tomas centrais e outros dispositivos

Procedementos de ventilación mecánica relacionados co AE; ventiloterapia

Aspiración de secrecións respiratorias

Coidados do paciente con tubo endotraqueal

Coidados do paciente con traqueotomía.

Constantes vitais: Temperatura, pulso, respiración, tensión arterial, presión venosa central. Medición, factores que os modifican e alteracións

Descrición dos apartados dunha gráfica. Tipos de gráficas; ordinarias e especiais.

Rexistro de datos na gráfica clínica.

Equilibrio hídrico; inxestas, perdas e medicións.

Anatomía do sistema nervioso. Fisioloxía e principais patoloxías do sistema nervioso.

Coidados ao paciente con patoloxías neurolóxicas.

Anatomía e fisioloxía do aparato urinario. Patoloxías

Alteracións da función urinaria

Coidados do paciente incontinente.

A sondaxe vesical; tipos de sondas e sondaxes, complicacións

Recollida de mostras.

Anatomía e fisioloxía do aparato dixestivo; estruturas e anexos. Patoloxías

O paciente ostomiado; complicacións dos estomas, coidado dos estomas e da pel

A sondaxe rectal; obxectivos, complicación e contraindicacións.

Administración de enemas

Sondaxe nasogástrica

Conceptos de alimentación e nutrición. Función dos nutrientes.

Necesidades nutricionais; alimentación equilibrada, dietética e dietas.

Dietas terapéuticas

Alimentación oral, alimentación enteral e nutrición parenteral

Anatomía e fisioloxía dos aparatos xenitais masculinos e femininos. Patoloxías

Infecións de transmisión sexual

Embarazo, parto e puerperio. Funcións do TCAE

Características anatómicas, morfolóxicas e fisiolóxicas dos recém nacidos. Valoración inicial e coidados

Alimentación do recém nacido; lactancia materna e artificial.

O proceso biolóxico do envellecemento; cambios biolóxicos, psíquicos e sociais



Valoración das necesidades do ancián; físicas e funcionais. Coidados

Concepto de enfermidade terminal e coidados paliativos. O equipo de coidados paliativos e a morte

O Duelo; fases e tipos.

Coidados postmortem.

A exploración: anamnese e exame físico.

Diagnóstico por imaxe; tipos de probas, radiacións ionizantes, radiacións non ionizantes, ultrasóns e visualización directa.

Estudios mediante impulsos eléctricos.

Estudo de mostras biolóxicas.

Probas funcionais.

O papel do AE nas probas diagnósticas.

Tipos de cirurxía e coidados perioperatorios.

Coidados preoperatorios.

Coidados introoperatorios; técnicas asépticas no quirófano, participación do AE.

Coidados postoperatorios; postoperatorio inmediato e mediato, coidados da ferida cirúrxica.

Drenaxes; tipos de drenaxes e coidados de enfermaría

Composición dos medicamentos.

Farmacocinética e farmacodinámica

Vías de administración de medicamentos.

Clasificación farmacolóxica.

Errores de medicación.

Toxicidade dos fármacos. Reaccións adversas

Valoración do entorno e do paciente.

Valoración do nivel de conciencia.

Soporte Vital Básico.

O carro de paradas.

Hemorraxias.

Feridas.

Queimaduras, causticacións e conxelacións.

Lesións traumatolóxicas; contusións, escordaduras, luxacións e fracturas.

Paciente politraumatizado.

Vendaxes.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Características da proba:

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación.

Constará dun mínimo de 75 preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións de resposta, das cales só unha é correcta), preguntas curtas, definicións, emparellamento, completar, verdadeiro ou falso (nas preguntas de verdadeiro ou falso, será preciso xustificar aquelas que sexan marcadas como falsas).

Cada pregunta test, de emparellamento ou verdadeiro/falso terá un valor de 0,1 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,033 puntos. As preguntas non respondidas non suman nin restan.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

Ao ter que ser cifras enteiras (sen decimais) e comprendidas do 1 ao 10, redondearase o resultado obtido á unidade máis próxima.

Duración da proba teórica: 2 horas.

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- As preguntas que aparecen catalogadas como "preguntas de reserva" serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.

Tipo de proba:

Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas elaboradas a partir dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe indicados no currículo

4.2 Segunda parte da proba

Características da proba:

Realización de protocolos prácticos representados na aula taller e/ou e/ou resolución de supostos prácticos sobre procedementos de cuidados de enfermería

Para a execución dos protocolos pode ser necesario material clínico que estará a disposición na aula-taller.

Valorarase cada protocolo ou suposto práctico cun máximo de 10 puntos sendo necesario acadar un 5 sobre 10 en cada un dos supostos para obter a cualificación de 5.

Os protocolos prácticos serán cualificados mediante lista de cotexo.

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.
- Material clínico que proporcionará o centro.

